

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE MARZO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:45 horas do día trinta de marzo de 2012, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste, por causa xustificada, a concelleira D^a. Isabel Sesar Otero

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Cofeñidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 26/01/2012 e o 23/02/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación. Sinala a secretaria o erro na acta de 23/02/2012 en relación co punto 5.1 de aprobación de facturas na que se inclúe a factura número 03111110140771-15/11/11 de Unión Fenosa Comercial, S.L. CIF B82207275 de subministro eléctrico para estación potabilizadora período 01-11-11/11-11-11 por importe de 1.042,47 €uros e que xa está aprobada na sesión de 26/01/2012 e no punto 4.1.5 de licenza de obra maior (LO 10/2012) a concesión foi por maioría coa abstención de José Ángel Rey Seoane

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/01/2012 e a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 23/02/2012 coas rectificacións sinaladas.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN DO MANTEMENTO E ACTIVIDADE XERAL DE SERVIZOS SOCIAIS PROGRAMA “EN MARCHA”

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 303 de data 09/03/2012, no que se comunica a resolución de aboamento de subvención para mantemento e actividade xeral de servizos sociais a concellos, do programa “En marcha” por importe de 11.497,60 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2011

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada 387 de data 29/03/2012, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención de Actividades culturais 2011 por importe de 11.997,45 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS; SANEAMENTO EN BRATES

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Xestión de Plans, rexistro de entrada 276 de data 05/03/2012, no que se comunica a aprobación da certificación n.º 2 do PCC Saneamento en Brates, por importe total de 38.092,19 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE DESESTIMACIÓN DA DEVOLUCIÓN DO INCREMENTO DO IVA DA OBRA DE MELLORA DO CAMIÑO DO CAMPO DE LANZA E OUTROS (PARROQUIAS DE ÁNXELES E DORMEÁ)

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Servizo de Patrimonio e Contratación, rexistro de entrada 250 de data 28/02/2012, no comunican a desestimación da solicitude de devolución da cantidade de 1.463,39 euros en concepto de “incremento del coeficiente de financiación por incremento de IVA en 2 puntos porcentuales” de la obra formalizada mediante convenio de “Mejora del camino del Campo da Lanza y otros (parroquias de Ánxeles y Dormeá)”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO DE ROZA E LIMPEZA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, rexistro de entrada 400 de data 30/03/2012, no comunican que o procedemento de roza e limpeza dos camiños de Santiago, relativo ó paso do Camiño Norte por este Concello, vaise realizar mediante licitación pública aberta ás empresas do sector.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DO CONCELLO DE FENE DE CONVIDAR ESTE CONCELLO PARA PARTICIPAR COMO PATROCINADOR DA XXX EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Concello de Fene, rexistro de entrada 376 de data 27/03/2012, no que convidan ó Concello de Boimorto a participar como patrocinador do XXX edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, cunha cota de participación de 360 euros, para custear os gastos de organización, publicación das bases, retribución ó premiado e ao xurado, etc.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITOS DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA DE PROVISIÓN DO SERVIZO DO EXPEDIENTE N° 218309070143 (ÁREA RECREATIVA DE CORREDOIRAS)

Pola Secretaria dase conta dos escritos enviados por Unión Fenosa Distribución SA, rexistro de entrada 297 de data 08/03/2012 e rexistro de entrada 351 de data 23/03/2012 no que comunican que Unión Fenosa está en condicións de facilitar os 15.8 kW, en relación co expediente nº 218309070143 (Área recreativa de Corredoiras), detallando a solución técnica para atender a solicitude de subministro.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- AROQUIVO DE EXPEDIENTE DENUNCIA PLANTACIÓN NA PARROQUIA DE ÁNXELES

Pola secretaria dáse conta das actuacións levadas a cabo en relación coa retirada de plantación na finca número 344 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Os Ánxeles denunciada por D. Jesús Modia Seren.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística con data 28/03/2012 no que se informa que foi talada a plantación existente na finca nº 344 obxecto da denuncia, por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Arquivar o expediente e comunicarllo ao interesado.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA PARA EXECUCIÓN DE OBRAS PRESENTADA POR D^a. MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ MONTERO

Visto o expediente número 15/2009, e atendido o escrito presentado ante este Concello por D^a. María José Vázquez Montero, en solicitude de prórroga para o inicio da execución das obras correspondentes á licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en data 26 de febreiro de 2009, para construción de nave, un silo e unha fosa de xurro para explotación de gando vacún de carne no lugar de Quiñoy, na parroquia de Rodieiros, segundo o proxecto redactado polo técnico D. José Francisco Vaamonde Longueira e visado polo colexio oficial de enxeñeiros agrónomos de Galicia en data 23/05/2006.

Informa a secretaria que a solicitude de prórroga está fora de prazo.

Visto o artigo 17 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en concordancia co artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, conceder unha prórroga de seis meses a D^a. María José Vázquez Montero para o inicio das obras solicitadas, por unha soa vez, nas mesmas condicións que a outorgada en orixe, comezando o cómputo de dito prazo a partir do día seguinte ao recibo da notificación do presente acordo.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA DE CAMBIO DE USO DE BAIXO COMERCIAL AO USO DE OFICINAS E SERVIZOS PROFESIONAIS CATEGORÍA II EN PRAZA GÁNDARA Nº 10 BAIXO DEREITA DE BOIMORTO, SOLICITADA A INSTANCIA DE D^a. NATALIA VÁZQUEZ RODRÍGUEZ EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE O ESPERTAR SERVICIOS SOCIAIS, S.L.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D^a. Natalia Vázquez Rodríguez, con DNI nº 78794044T, actuando en representación da sociedade O Espertar Servicios Sociais, S.L., CIF B-70253042, solicitando licenza de cambio de uso de local comercial ao uso de oficinas e servizos profesionais categoría II en Praza Gándara nº 10 baixo dereita de Boimorto, en virtude da solicitude de data 29/09/2010 nº de rexistro de entrada 1308; solicitude acompañada de memoria

técnica redactada polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977.

Visto o informe técnico de data 20/10/2010 no que se require documentación, con data 28/06/2011 (rexistro entrada núm. 974), 27/02/2012 (rexistro entrada núm. 241) e 23/03/2012 (rexistro entrada núm. 349) presenta a documentación requerida asinada polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº 891, que substitúe á presentada coa solicitude, enmendando as observacións solicitadas polos servizos técnicos municipais.

Visto informe técnico emitido por D. Ángel Delgado Cid de data 26/03/2012, favorable á concesión da licenza.

Visto o informe de Secretaría de data 30/03/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a D^a. Natalia Vázquez Rodríguez actuando en representación da sociedade O Espertar Servicios Sociais, S.L a licenza urbanística de cambio de uso de local comercial ao uso de oficinas e servizos profesionais categoría II en Praza Gándara nº 10 baixo dereita de Boimorto, conforme á documentación técnica presentada e subscrita polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a D^a. Natalia Vázquez Rodríguez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

3.2. -AUTORIZACIÓN

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE FESTAS NA PARROQUIA DE CARDEIRO.

Vista a instancia subscrita por **Dna. Yolanda Barreiro Garea**, veciño de Boimorto, encargado da organización das festas populares da Pascua, pretendéndose a súa celebración no lugar de **Iglesia**, parroquia de **Cardeiro**, deste termo municipal, durante o día **7 de abril de 2012**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 48.1 do citado Regulamento, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proverse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR**

AUTORIZADO, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

SEGUNDO.- Notifíquese esta resolución á solicitante e déase traslado do seu contido ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA 3/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 260, con data 01/03/2012, presentada por D. Luís Seoane Souto, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Arentía núm. 8, Andabao, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 8 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Luís Seoane Souto, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 8 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 6/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 395, con data 30/03/2012, presentada por D^a. María Dolores Guerra Andrade, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Peroxa nº 3, Ánxeles, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. María Dolores Guerra Andrade, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Peroxa, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 12/2012) PARA PECHE DE FINCA ENTRE COLINDANTES UBICADA NO LUGAR DE TOÁ, PARROQUIA DE CARDEIRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^a. DOLORES BARREIRO PÉREZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D^a. Dolores Barreiro Pérez, con DNI núm. 32471054E, e con domicilio para os efectos de notificación en Santa Marina del Villar, Loureiro 26, Ferrol, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 317 de data 16/03/2012 para peche de finca entre colindantes (fincas 292 e 293) sita no lugar de Toá, parroquia de Cardeiro, segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 19/03/2012 para a realización da dita obra que cualifica como menor en solo de núcleo rural a maior parte e unha pequena porción en solo rústico.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D^a. Dolores Barreiro Pérez, con DNI núm. 32471054E (LO 12/2012) para peche de finca entre colindantes (fincas 292 e 293) sita no lugar de Toá, parroquia de Cardeiro, segundo valoración presentada en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso na maior parte e unha pequena porción en solo rústico de protección agropecuaria.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras a realizar consistirán nun cerramento entre fincas de 100 metros lineais a base de tubos de ferro de 40 mm e malla metálica cunha altura de 1,00 m.
- .- O cerramento deberá recuarse 5 metros do eixo da vía municipal.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra segundo informe técnico: **1.580,00 €uros.**

Liquidación 2%: **31,60 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 13/2012) PARA REPARACIÓN E PINTADO DE PARAMENTOS VERTICAIS EXTERIORES DA VIVENDA SITA NA RÚA ASIENTOS NÚMERO 22 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dª CELSA FUENTES OTERO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dª. Celsa Fuentes Otero, con DNI núm. 76474207N, e con domicilio para os efectos de notificación na Rúa Asientos núm. 22, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1006 de data 04/07/2011 para reparación e pintado de paramentos verticais exteriores e impermeabilización e colocación de plaqueta en balcón exterior da vivenda sita no número 22 da rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto, según memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 28/03/2012 para a realización da dita obra que cualifica como menor en solo urbano.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmoables de natureza urbana, a vivenda data do ano 1987.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dª. Celsa Fuentes Otero, con DNI núm. 76474207N (LO 13/2012) para reparación e pintado de paramentos verticais exteriores e impermeabilización e colocación de plaqueta en balcón exterior da vivenda sita no número 22 da rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano coa ordeanza de edificación extensiva) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **3.025,61 €uros.**

Liquidación 2%: **60,51 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA Nº 416 DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES-MERCURÍN LICENZA URBANÍSTICA Nº 14/2012

Vista solicitude presentada (con entrda en data 01/02/2012 nº 127) por D. Jesús Cacharrón Cajiade, acompañada de proxecto de segregación para segregar a finca nº 416 de concentración parcelaria de Brates-Mercurín con referencia catastral rústica (15010A50200416000JW) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Oscar Javier Pose Andrade, colexiado número 1430 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 20120177

De acordo co proxecto de segregación a parcela nº 416 de concentración parcelaria de Brates-Mercurín se describe así: Rústica; terreo adicado a prado, labradío e monte, ao sitio de Coto,

Concello de Boimorto. Linda: Norte, María de los Dolores Díaz Salmonte (414), José Luis Fuentes Fuentes (415), regato en medio en parte e camiño; Sur, Camino; Leste, Elena Costoya Costoya (417), Juan Sesar Costoya (418) e Manuela Gil Bravo (419), e Oeste, camiño e José Luis Fuentes Fuentes (415). Nesta finca existe unha vivenda en ruínas de 109 m², un pendello ou alpendre de 109 m² e un hórreo de 9,60 m². Ten unha extensión superficial de 191.320 m² e está cualificada no PXOM como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso, solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de infraestruturas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 20/02/2012 e fundamentando o informe no artigo 11 do PXOM de Boimorto e no artigo 206.1 da Lei 9/2002 LOUPMR de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

Visto informe de secretaría que consta no expediente de data 30/03/2012.

Considerando que os erros en requerimento de documentación por esta administración en tempo e forma non poden perxudicar aos administrados e considerando o fundamento do recurso contra a denegación previa de licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación a D. Jesús Cacharrón Cajide para segregar a finca número 416 da zona de concentración parcelaria de Brates-Mercurín, cunha superficie inicial de 191.320 m² en:

A) Finca número 416-A de 26.130 m² cun fronte maior de 10 m SRP agropecuaria, SRP forestal, SRP augas e SRP infraestruturas

Finca número 416-A (Coto) linda: Norte, María de los Dolores Díaz Salmonte (414), José Luis Fuentes Fuentes (415), regato en medio en parte e camiño; Sur, finca matriz 416 (solo de núcleo rural exento de segregación) e camiño; Leste, finca segregada (416-B), e Oeste, camiño, José Luis Fuentes Fuentes (415) e finca matriz 416 (solo de núcleo rural).

B) Finca número 416-B de 40.368 m² cun fronte maior de 10 m SRP forestal e SRP augas.

Finca número 416-B (Coto) linda: Norte, camiño; Sur, camiño; Leste, finca seguinte (416-C); e Oeste, finca anterior (416-A)

C) Finca número 416-C de 77.578 m² cun fronte maior de 10 m SRP forestal e SRP augas.

Finca número 416-C (Coto) linda: Norte, camiño; Sur, camiño; Leste, finca seguinte (416-D); e Oeste, finca anterior (416-B).

D) Finca número 416-D de 44.524 m² cun fronte maior de 10 m SRP forestal e SRP augas.

Finca número 416-D (Coto) linda: Norte, camiño; Sur, camiño; Leste, Elena Costoya Costoya (417); Juan Sesar Costoya (418) e Manuela Gil Bravo (419); e Oeste, finca anterior (416-C)

E) Parcela 416-matriz de 2.720 m² cun fronte maior de 8 m solo de núcleo rural, orixinario disperso.

Finca número 416-matriz (Coto), que se corresponde coa parcela matriz, linda: Norte, finca 416-A; Sur, camiño; Leste, finca 416-A; e Oeste, camiño. Nesta finca ten enclavadas unha vivenda en ruínas de 109 m², un pendello ou alpendre de 109 m² e un hórreo de 9,60 m².

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións.

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Deberá facerse constar no rexistro da propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade o compromiso expreso de non edificar nos lotes resultantes.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. Expdte: CSPNSP 3/2011

Visto o expediente tramitado para a contratación do servizo de Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto CSPNSP 3/2011 por procedemento negociado sen publicidade, no que se declara como oferta máis ventaxosa determinada por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 26/01/2012, dacordo co cumprimento do establecido no artigo 135.4 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos para o sector público, acordo que se transcribe literalmente:

4.2.1.- OFERTA MÁIS VENTAXOSA DO SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. (Expdte: CSPNSP 3/2011).

Visto o expediente de contratación do servizo de “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto” cun orzamento de 24.000 €uros anuais máis ive.

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/11/2011, constando no expediente informe se secretaría sobre o procedemento contractual e de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal, actualmente orzamento 2011 prorrogado 15.22706 polo importe correspondente a unha anualidade.

Remitidas invitacións para a participación a tres empresas (en aplicación do artigo 162.1 da LCSP 30/2007) a: Consulting e Ingeniería Internacional, S.A. CIF: A15086994, Cerne Ingeniería, S.A. CIF: A15056468 e Singla Ingeniería, S.L. CIF: B15678626.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 20/12/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/11/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de “Asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto” e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas as invitacións segundo acuses de recibos en data 9 e 12 de decembro de 2011, rematando o prazo para presentar ofertas o día 20 de decembro de 2011; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.- Consulting e Ingeniería Internacional, S.A con CIF A15086994 presenta:

Sobre A con entrada nº 1836 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1840 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1838 en data 15/12/2011

.- Cerne Ingeniería, S.A con CIF A15056468 presenta:

Sobre A con entrada nº 1839 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1840 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1846 en data 15/12/2011

.- Singla Ingeniería S.L con CIF B15678626 presenta:

Sobre A con entrada nº 1844 en data 15/12/2011

Sobre B con entrada nº 1845 en data 15/12/2011

Sobre C con entrada nº 1846 en data 15/12/2011

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 20 de decembro de 2011

Vº Pr

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

A Secretaria

Non sendo necesaria a constitución de mesa de contratación e visto que lle foi requerida ás tres empresas documentación segundo o disposto no artigo 81 do Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas 1098/2001, de 12 de outubro.

Visto que, do requerimento realizado só presenta documentación a empresa Cerne Ingeniería, S.A., con data 2 de xaneiro de 2012, rexistro de entrada número 5, quedando acreditada a capacidade e solvencia según a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación e acordando rexeitar as ofertas de Consulting e Ingeniería Internacional, S.A. E Singla Ingeniería, S.L por non quedar suficientemente acreditada a súa capacidade e solvencia.

Pídese a secretaria a apertura do sobre B onde se recolle a proposta de traballo presentada e por unanimidade dáse unha valoración de 10 puntos, considerando que é insuficiente aínda que se respecta o prego de prescricións técnicas.

Deseguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación ao prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 28.320.- €uros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Cerne Ingeniería, S.A. = 10 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 24/11/2011, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por Cerne Ingeniería S.A con CIF A15056468 na contratación do servizo “Asistencia técnico urbanística do Concello de Boimorto” a executar segundo a oferta económica presentada fixando o importe de adxudicación en 28.320 €uros e tendo en conta o programa de traballo achegado pola empresa.

SEGUNDO.- Requerir a Cerne Ingeniería, S.A., comprobada a súa capacidade para contratar coa Administración e que está o corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e coa Seguridade Social, para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 1.200.- €uros (5% **importe adxudicación sen ive**) advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.>>

Presentada polo adxudicatario Cerne Ingeniería SA con rexistro de data 14/03/2012 nº 314 garantía definitiva por importe de 1.200,00 €uros (5% do importe da adxudicación sen ive) constitución por aval de Banco Español de Crédito S.A con CIF A28000032 inscrito no Rexistro Especial de avais baixo o número 00306042630000797211.

En aplicación do disposto nos artigos 135, 138 e 140 da Lei 30/2007 de Contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato do servizo licitado por procedemento negociado sen publicidade “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto” CSPNSP 3/2011 a Cerne Ingeniería, S.A polo prezo de 28.320,00 €uros, servizo a realizar nos termos da súa oferta e tendo en conta o programa de traballo achegado pola empresa.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao adxudicatario, indicando que debe persoarse para a formalización do contrato de servizo nos termos do artigo 140 da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

TERCEIRO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

4.2.2- CONTRATO MENOR PARA O PROGRAMA INFORMÁTICO PARA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Vista a oferta presentada pola empresa TDS, Consultores SL con NIF n.º B47207634 por 79,00€ mensuais máis IVE (93,22 €) por prestar os servizos de mantemento do programa informático para a Miniresidencia e Centro de día de Boimorto.

Considerando que a prestación do servizo inclúe uso de geriges.com con 4 usuarios concurrentes, soporte por email a soporte@geriges.com e resposta dous días seguintes laborais.

Considerándose este contrato como menor nos termos dos artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, en cuxo expediente so e necesaria factura e quedando constancia no expediente da capacidade e solvencia do contratista TDS, Consultores SL para contratar con esta Administración e declarando o resto da normativa administrativa contractual como supletoria neste contrato.

Tendo en conta que non será posible revisión dos prezos anteriormente indicados nin prórroga do contrato previsto inicialmente para 6 meses, polo presente a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRO.- Contratar por contrato menor os servizos de mantemento do programa informático para a Miniresidencia e Centro de día de Boimorto, ó prezo de 79,00€ mensuais máis IVE (93,22 €), polo prazo de 6 meses a TDS, Consultores SL con NIF n.º B47207634, prestándose o servizo baixo as condicións sinaladas nos considerandos deste decreto, tendo que emitir factura mensualmente. Declárase no non previsto neste contrato a normativa administrativa contractual contida no Real decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- Notificar o presente decreto a empresa adxudicataria.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Tickets 27/03/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña (Ikea) compar material para a miniresidencia e centro de día	3,10 €
97-29/02/12	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro gasóleo automoción e bombona de propano	523,25 €
1-11039078-29/02/12	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confeción nóminas e seguros mes de febreiro 2012	471,76 €
1-11039237-30/03/12		Confeción nóminas e seguros mes de marzo 2012	400,96 €
2012/0310-29/02/12	Sociedade Galega do Medio Ambiente A15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de febreiro 2012	1.768,51 €
Recibo-04/01/12	Editorial Compostela, S.A. / A15000391	Subscrición El Correo Gallego período 01/01/12-31/12/12	440,00 €
RC/12-4513-09/03/12	Federación Española de Municipios y Provincias	Cota de asociado periodo 2012	124,48 €
04 0000009-28/02/12	TDS / B-47207634	Formación programa miniresidencia	708,00 €
2-23/2/12	Carmen Calvo Bouzas	Obradoiro musical de creación	

	33268036P	de cancións de entroido o día 18/02/12. Subv. Deput. Actividades culturais 2012	531,00 €
3/12-21/02/12	Eduvia, Xestión, Cultura e <input type="checkbox"/> Lecer, S.L. / B-94054137	Obradoiro de maquillaxe de <input type="checkbox"/> entroido e obradoiro de máscaras e disfraces entroido. Actividades culturais 2012	444,40 €
06/2012-07/03/12	Logística del Espectáculo, S.L. B-15510605	Aluguer, montaxe e desmontaxe escenario e caldeiras certame cantar de reis. Subv. Deput. Actividades culturais 2012	3.127,00 €
203-31/12 F-22/01/12	Aquagest, S.A. A28220606	Control calidade de auga do abastecemento municipal decembro 2011	473,07 €
203-90/12 F-7/03/12		Control calidade de auga do abastecemento municipal xaneiro 2012	473,07 €
12/12-4/02/12	Remuiño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner impresoras oficinas municipais	695,54 €
JD/3223-08/03/12	Fripor, S.L. B-15128143	Comida cuadrillas oitavo certame cantar de reis	2.163,48 €
400641410-15/03/12 <input type="checkbox"/>	MAFRE FAMILIAR, S.A. / A28141935 <input type="checkbox"/>	Seguro do camión pequeno de recollida de lixo C6849BK período de vixencia 14/03/12 a 14/03/13	769,54 €
4/2012-03/02/12	Multiservicios Cempés 78787497P	Copia de chaves do local social de Sendelle do lado dereito	3,00 €
VS 2012/03367-22/03/12	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. B70055504	Servizo de prevención - Disciplina de vixilancia da saúde	591,60 €
26974-14/03/12	Balneario de Guitiriz A15003072	Asistencia a sesións balneario o 14/3/12. Subv. Deput. Servizos sociais 2011	500,00 €
27261-21/03/12		Asistencia a sesións balneario o 21/03/12. Subv. Deput. Servizos sociais 2011	494,00 €
27503-28/03/12		Asistencia a sesións balneario o 28/03/12. Subv. Deput. Servizos sociais 2011	500,00 €
184-23/03/12	José María Fraga Prado 33210960-H	Taboleiros para anunciar eventos	576,08 €
4000878627-29/02/12	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de febreiro 2012	216,93 €
5/01201257-25/02/12	Nea F3 Iberica S.L.U: B15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais Período 17/01/12-16/02/12	246,69 €
5/01201258-25/02/12		Mantemento fotocopiadora servizos sociais K-7022 Período 17/01/12-16/02/12	41,28 €
5/01202318-25/03/12		Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais	

5/01202317-25/03/12 □		Período 16/02/12-16/03/12 Mantemento fotocopiadora ser- vizos sociais K-7022 Período 16/02/12-16/03/12	465,96 € 34,83 €
625.303-01/03/12 624.674-01/03/12	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor miniresi- dencia e centro de día mes de marzo 2012 Mantemento ascensor casa con- sistorial mes de marzo 2012	311,97 € 311,71 €
AR305912-15/03/12 □	ABM-REXEL S.L.U. B28262822	Subministro material eléctrico miniresidencia	486,97 €
12/12-29/02/12	Cerne Ingeniería, S.A. A15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de febreiro 2012	2.360,00 €
44192-16/03/12	Rio Blanco, S.L. B-15424047	Sosa líquida servizo municipal de augas	382,32 €
OFFV12/1114	OFIREYCO S.L. B15342702	Material de oficina	1.463,77 €
114-29/02/12	Exatic, S.L. / B70283460	Cota anual Mantemento domi- nios páxina web período 07/02/12 ao 06/02/13	285,56 €
92-03/02/12	Agromecánica Vicente García e Hijos, S.L. B-15162910	Reparacións maquinaria servizos municipais	725,00 €
0101-1200148- 29/02/12	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida colectores papel e cartón período 01/02/12 ao 29/02/12	90,72 €
950772876-29/02/12	KONE Elevadores S.A. A28791069	Servizo de mantemento ascensor colexio mes febreiro 2012	226,49 €
7626-29/2/12	Oli-Servi SL B-15202583	Reparación ordenadores	166,70 €
Relación de data 1 de marzo de 2012. Rexas- tro entrada: 265	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	4.526,41 € 759,04 €
03120110009315- 15-01-12 Recibos non domici- liados 03120110153532 30/01/12	Unión Fenosa Comercial S.L. B82207275 □	Subministro eléctrico para esta- ción potabilizadora período 16- 12-11/31-12-11	1.656,38 €
03120110224047 30/01/12		Subministro eléctrico campo de fútbol período 11-11-11/01-01- 12	632,28 €
03120110289416 30-01-12		Subministro eléctrico polidepor- tivo período 16-12-11/12-01-12	171,63 €
03120110310629 31-01-12		Subministro eléctrico piscina período 16-12-11/12-01-12	62,55 €
03120110315445 31-01-12		Subministro eléctrico colexio período 11-11-11/01-01-12	647,06 €
		Subministro eléctrico campo de fútbol período 1-1-12/12-1-12	215,65 €

6A-22/03/12	M ^a . Lourdes Verea Seoane / 76510236T	Material de mantemento	80,80 €
6B-22/03/12		Material para o centro de maiores	36,40 €
6D-22/03/12		Produtos de limpeza para a mini-residencia	33,10 €
6E-22/03/12		Candado para a tilleira	7,50 €
6F-22/03/12		Material para o autobús	34,25 €
6G-22/03/12		Material de oficina	20,90 €
6I-22/03/12		Material e produtos servizo de limpeza	28,20 €
6J-22/03/12		Dous térmicos edificio antiga cámara agraria	20,30 €
6K-22/03/12		Material para o servizo de alumeado público	80,50 €
6L-22/03/12 □		Material para o servizo municipal de augas	151,55 €
28-C282-537772 01/03/12	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móviles	186,49 €
TA3YP0538316	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	130,52 €
TA3YP0538315		Recibo teléfono xulgado de paz	24,33 €
TA3YP0551685		Recibo teléfono oficinas Concello	16,49 €
TA3YP0552052		Recibo teléfono fax concello	430,69 €
TA3YP0553417		Recibo teléfono baixo concello	0,10 €
TA3YP0559888		Recibo teléfono PAI	68,69 €
TA3YP0538318		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	25,25 €
TA3YP0562272		Recibo teléfono miniresidencia	19,45 €
TA3YP0562937		Recibo teléfono centro de maiores	19,47 €
TA3YP0554854 19/03/12		Reparación teléfono inalámbrico	89,53 €
15C2VE000038 10/03/12		alcaldía	47,11 €

5.2.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 3180 m³ (menos 3001 m³ da lectura do trimestre anterior = **179 m³**) e nº 07SE117232 = 795 m³ (menos 745 m³ da lectura do trimestre anterior = **50 m³**) TOTAL: 229 m³, realizada polo encargado de obras e servizos de urbanismo deste Concello, D. Luis González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 229 m³ x 0,21 euros = 48,09 €+ 3,85 (IVE do 8%) = 51,94 €

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.3.- SOLICITUDES SERVIZO DE PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais
INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo
DATA DO INFORME: 30/03/2012
DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- JOSÉ MARÍA CARREIRA GARCÍA - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- PLÁCIDO GARCÍA ABAD - PODOLOXIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- ÁNGELES REY ARES - PODOLOXIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Consta minusvalía e resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

4.- LUCIANO BAO CASTRO - PODOLOXIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de podoloxía a José María Carreira García, Plácido García Abad, Ángeles Rey Ares e Luciano Bao Castro.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán

unha validez para o mes de abril, maio e xuño do 2012. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.4- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de febreiro e marzo da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 8%	TOTAL
Febreiro 2012	6/2012	Recollida selectiva	540,38	43,23	583,61
Febreiro 2012	7/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	3,66	0,29	3,95
Marzo 2012	10/2012	Recollida selectiva	829,51	66,36	895,87
Marzo 2012	11/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	6,69	0,54	7,23

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 6, 7, 10 e 11 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.5- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao mes de febreiro e marzo da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 8%	TOTAL
Febreiro 2012	8/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	66,64	5,33	71,97
Marzo 2012	9/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	65,00	5,20	70,20

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 8 e 9 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.6.- ANULACIÓN RECIBO UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.

Vista a factura número 03111150000300 con data 25/11/2011 de Unión Fenosa Comercial, S.L. con CIF B-82207275 que corresponde a recibo non domiciliado de subministro de enerxía eléctrica para polideportivo aprobado pola Xunta de Goberno Local de 23/02/2012 por importe de 119,05 €uros que figura no rexistro de intervención deste concello co número 120. Advertindo que esta factura reseñada xa foi aprobada pola Xunta de Goberno Local de 29/12/2011 e pagada o 9/02/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Anular a numeración de rexistro de intervención 120 que correspondía á factura emitida por Unión Fenosa Comercial, S.L. descrita anteriormente polo motivo de duplicidade.

5.7.- RECLAMACIÓN DE DÉBEDA DA EMPRESA ELECTRO SANXURXO S.L.

Informa a secretaria que en data 15/03/2012 chega ao seu correo electrónico asinado por Manuel Codesal Barral en representación da empresa Electro Sanxurso S.L., con CIF nº B-15799430 unha reclamación de facturas pendentes (que non constan rexistradas no Concello nin en rexistro de entrada municipal nin en rexistro contable) acompañando facturas, acuses de recibo e partes de traballo asinados e cuñados por persoal do Concello e pola Alcaldía.

En concreto:

A) Factura nº A/ 51 de data 01/07/2009 de alumeados de navidade dende o ano 2005 ata o 2008/2009 por importe de 8.000 €

B) Factura A/ 52 de data 1/07/2009 por Reparacións por destrozos en alumeado público polo temporal de data 23/01/2009 por importe de 11.853,58 €

Informa a Secretaría Intervención que ditas facturas non tiveron rexistro contable non foron aprobadas nin existe recoñecemento de obriga en relación coas mesmas, non hai contrato nin acordo municipal relacionado coa contratación destes traballos fora do contrato asinado con esta empresa e que foi resolto en data 02/06/2009. Continúa a Secretaría Intervención informando que segundo a lexislación vixente previa a ordenación do pago teñen que recoñecerse e liquidarse as obrigas derivadas dos compromisos de gasto legalmente adquiridos polo que presentadas estas facturas (das que debería solicitarse duplicado) e previa a súa comprobación debería ou non recoñecerse a obriga antes da ordenación do pago, que non hai partida orzamentaria para facer fronte a estes gastos que ademais que efectivamente son recoñecidas estas obrigas se emitirá informe de reparo sobre:

-Falta da preceptiva fiscalización previa

-Falta de anotacións contables previas á contracción do gasto

-Falta de expediente administrativo: omisión de requisitos ou trámites esenciais.

-Falta de partida orzamentaria na anualidade 2012 para estes gastos.

Informa a secretaria que no ano 2009 o Concello foi receptor dunha subvención para facer fronte os custos de reparación de elementos do alumeado público necesaria polo temporal por importe de 11.853,58 € da Xunta de Galicia Consellería de Economía e Industria, e que consta no expediente de xustificación desta subvención dúas facturas de material de ABM REXEL S.L.U. Factura AR277451 de data 27/11/2009 por 6.980,57 € e outra Instalaciones Eléctricas Botana S.L., por importe de 4.873,01 € de material e man de obra agotándose a partida para estes traballos que non foron contratados expresamente a empresa que agora reclama a débeda e cuxa factura proforma de 3/3/2009 foi utilizada para solicitar a subvención, así como que revi-

sados os orzamentos municipais anteriores non existía partida orzamentaria para alumeado en Navidad.

Vista a falta de acreditación de orixinais e os defectos da solicitude así como o informado pola Secretaría Intervención; vistos os artigos 172 e 173 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo sen máis intervencións a Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Comunicar á empresa Electro Sanxurxo S.L., con CIF nº B-15799430 que o Concello non pode recoñecer como débedas os traballos polos que emiten facturas que se consideraban dentro do contrato de servizos asinado co Concello e resolto o 2/6/2009 en relación coa reparación de danos de temporal xa que o material e o seu subministro foi asumido polo Concello e contratado ás empresas indicadas nos considerandos deste acordo estando subvencionado e foron asinados os partes de traballo pola súa colocación. Denegar o recoñecemento de débeda sobre arcos de navidad considerando que non hai parte nin acordo administrativo ordeando a súa colocación.

SEGUNDO.-Notificar este acordo o interesado os efectos oportunos.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 42, 46, 50, 51, 60, 61, 63 64, 65, 66, 68, 69 e 70 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:55 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a trinta e un de maio de dous mil doce.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez